XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

**Asunto:** Procedemento Sancionador 7-2024

**Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 21 de febreiro de 2024, polo que se incoa un procedemento sancionador en relación coa Consellería de Sanidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, derivado das denuncias das representacións xerais do Bloque Nacionalista Galego, Sumar e Vox, polo envío por SMS ao persoal sanitario do SERGAS de información retributiva e da súa carreira profesional**

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

## ANTECEDENTES

1. O 16 de febreiro de 2024, as representacións xerais do Bloque Nacionalista Galego, de Sumar e de Vox presentan denuncias referidas a un SMS recibido por persoal sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia nos seus dispositivos móbiles nos que se anunciaban melloras salariais.

As mensaxes recibidas por ese medio son os seguintes:

*«"Carreira profesional:*

*Informámoslle que a partir da nómina deste mes de febreiro lle será aboado mensualmente un novo grado de carreira profesional con atrasos desde xaneiro-2024.*

*Melloras retributivas 2024:*

*Aboaráselle a partir desta nómina o incremento das noites en días laborables nun 7,9% e festivos e noite prefestiva de sábado do 15,71%. As noites de venres serán abonadas como festivas".*

*"Novos importes das gardas de presenza física: Informámoslle que a partir desta nómina terán as seguintes contías: Gardas presenza físicas de 17 horas con 476 e 672 as de 24 horas e a quinta garda e sucesiva con 629 (17 horas) e 888 (24 horas)".»*

2. O 16 de febreiro de 2024, trasladóuselle á Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias e Institucionais, unha copia das denuncias para que puidese formular alegacións. Deste traslado deuse coñecemento ás representacións xerais das entidades políticas denunciantes.

3. O 20 de febreiro de 2024, formúlanse alegacións alegacións.

4. O 21 de febreiro de 2024, a Xunta Electoral de Galicia adoptou o seguinte acordo:

Primeiro. Estimar as denuncias e declarar que a Consellería de Sanidade, incorreu na prohibición establecida na alínea 2 do artigo 50 da LOREX, por non ter respectado os principios de obxectividade e neutralidade.

Segundo. Determinar a apertura dun procedemento sancionador en relación coa Consellería de Sanidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O art. 18 h) da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, atribúelle á Xunta Electoral de Galicia a competencia para corrixir as infraccións que se produzan no proceso electoral e, consecuentemente, para resolver esta procedemento sancionador.

O artigo 153.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX), regula as infraccións electorais das normas obrigatorias establecidas nela que non sexan constitutivas de delito e establece como sanción, unha multa de 300 a 3.000 euros se se trata de autoridades ou funcionarios.

Visto o art. 50 da LOREX, interpretado polas instrucións 3/2019, do 4 de marzo, e 2/2011, do 24 de marzo da *Junta Electoral Central*.

Visto o artigo 120 da LOREX, que se remite á lei reguladora do procedemento administrativo común en todo o non expresamente regulado en materia electoral pola primeira.

Visto o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de aplicación supletoria.

A Xunta Electoral de Galicia adopta o seguinte

## ACORDO

**Primeiro.** Incoar procedemento sancionador en relación coa Consellería de Sanidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, derivado das denuncias do Bloque Nacionalista Galego, Sumar e Vox, polo envío por SMS ao persoal sanitario do SERGAS de información retributiva e da súa carreira profesional, por unha posible infracción da prohibición establecida na alínea 2 do art. 50 da LOREX, por non terse respectado os principios de obxectividade e neutralidade.

**Segundo**. Nomear instrutor a D. Antonio Martínez Quintanar, vogal da Xunta Electoral de Galicia, e secretario a don Xosé Antón Sarmiento Méndez, secretario da Xunta Electoral de Galicia. Ambos manifestan a aceptación do nomeamento e declaran non estar incursos en causa de abstención das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) e normativa aplicable.

**Terceiro.** Conforme ao disposto no art. 64.2.d) da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), o presunto responsable poderá recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade, cos efectos previstos no art. 85 da dita lei.

**Cuarto.** Conforme ao disposto no art. 64.2.f) da LPAC, terá dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento.

**Quinto**. O presunto responsable poderá exercer o resto dos dereitos previstos no art. 53.2 da LPAC.

**Sexto.** Comunicarlle este acordo á Consellería de Sanidade, para os efectos do seu coñecemento e, se é o caso, para que poida recusar ao instrutor e ao secretario sempre que se dean neles algún dos supostos previstos no artigo 24 da LRXSP. A recusación deberá facerse por escrito dirixido á Xunta Electoral de Galicia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 11:30 horas do próximo día 23 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal